

## **BREVE RELACIÓN DO CONTIDO DE CADA PODCAST (GUIÓN OU ESCALETA) E DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA DE CREACIÓN DE CADA ARQUIVO.**

### **MODALIDADE II: ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA.**

Nesta modalidade participamos con un podcast de teatro radiofónico.

Escaleta:

<b>NOME DO PROGRAMA</b>	Auto do alugado ou encanto de Raboces
<b>DATA DE EMISIÓN</b>	Unha vez falle o xurado do II concurso de podcast.
<b>DURACIÓN</b>	5 minutos.
<b>HORARIO DE EMISIÓN</b>	Dispoñible no blog da biblioteca e na páxina web do centro.
<b>EMISORA</b>	Chicharriños nas ondas
<b>LOCUTORES</b>	Alumnado de 6º de primaria.
<b>DIRECTOR</b>	Noelia López Montero (coordinadora)
<b>CORPO DO PROGRAMA</b>	
<b>LOCUTORES</b>	<b>CONTIDO</b>
Candela e Isabella	Presentación
Todo o alumnado	Lectura expresiva do teatro radiofónico

### **[ENLACE AO PROGRAMA](#)**

#### **Descrición da experiencia:**

Seguindo as liñas plantexadas no “II Concurso de podcast – Radio na Biblio”, decidimos elixir un programa onde se mostrara a riqueza do patrimonio lingüístico galego, vinculado á nosa zona, ao noso concello.

Recurrido aos nosos autores, na nosa biblioteca temos varios exemplares de diversas edicións dunha obra de teatro escrita por Manuel María para un grupo de teatro do Concello de Foz. Trata de tres alugados que volven das segas de Castela con moita gana de chegar á Mariña, ás súas casas...

Aos nenos gustoulles a idea de facer teatro radiofónico e a obra, aínda que tivemos que recortar texto, era adaptable porque non é moi extensa. Ademais cambiábase un pouco o formato de radio ao que estabamos acostumados a traballar: búsqueda de información, redacción, lectura, entonación...

Empezamos repartindo personaxes e lendo a obra para entender o contexto. Pouco a pouco fomos traballando a interpretación e expresión sen a dramatización corporal ata obter o resultado final. Costou moito conseguir axustar a peza aos cinco minutos requeridos. Foron moitas as lecturas para quitar un pouco de aquí e un pouco de acolá... Deixando un pouco de tempo para unha rápida introducción.

Tivemos dous problemas para a gravación deste programa. Un que vimos arrastrando dende principio de curso e que afecta moi directamente á radio escolar. O noso centro iniciou unhas obras de eficiencia enerxética por parte da Xunta. Empezaron no verán de 2019, en setembro tivemos que adaptar un edificio para poder entrar e con todo sen poder colocar.

No que atañe á radio... o laboratorio de radio, contemplado nos planos, vai situado nun semisoto que temos debaixo do cole onde tamén está o salón de actos e dúas aulas máis.

Este espazo, a día de hoxe, non foi entregado ao centro polo que non puidemos acceder. Estivemos dende xaneiro coa ilusión de poder entrar e montar a emisora de radio pero non foi así.

A este problema hai que engadir que cando nos deron orde de confinamento na casa por mor do COVID19, o programa estaba listo para gravar pero esperando para que nos deran o local e poder gravar alí.

Así é que nos atopamos en pleno confinamento, o programa preparado e sen gravar. Mágoa me daba... pedínlle aos nenos que gravasen nas súas casas a súa parte e ma enviasen para poder montar o programa.

A calidade polo tanto... non é a mellor... pero queremos participar...

Por eses motivos... ademáis... non fixen fotos dos ensaios... esperaba con toda a ilusión poder facelas no novo obradoiro.

Foz, 23 de abril de 2020

A handwritten signature in blue ink on a light green background. The signature is stylized and appears to read 'Noelia López Montero'.

Asdo. Noelia López Montero.